

GUÍA DO IMPOSTO SOBRE A CONTAMINACIÓN ATMOSFÉRICA

O imposto sobre a contaminación atmosférica recaerá sobre as emisións nas que os seus focos se atopen situados dentro do ámbito territorial da Comunidade Autónoma.

- Normativa aplicable
- Feito Impoñible
- Suxeito Pasivo
- Base Impoñible
- Cota tributaria
- Devengo
- Liquidación e Ingreso
 - Declaración de alta
 - Presentación en papel
 - Presentación telemática
 - Declaración de modificación
 - Presentación en papel
 - Presentación telemática
 - Autoliquidación mensual
 - Presentación en papel
 - Presentación telemática
 - Declaración-resumo anual
 - Presentación en papel
 - Presentación telemática

1. NORMATIVA APLICABLE

- Lei 12/1995, do 29 de decembro, do imposto sobre a contaminación atmosférica.
- Decreto 29/2000, do 20 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento do imposto sobre a contaminación atmosférica.
- Orde do 30 de xullo de 2009 pola que o desenvolve o Regulamento do imposto sobre a contaminación atmosférica.

2. FEITO IMPOÑIBLE

Constitúe o feito imponible a emisións á atmosfera de calquera das seguintes substancias:

- a) Dióxido de xofre ou calquera outro composto osixenado do xofre.
- b) Dióxido de nitróxeno ou calquera outro composto osixenado do nitróxeno.

Presumirase realizado o feito imponible mentres as instalacións emisoras non cesen na súa actividade e tal circunstancia sexa posta en coñecemento da Administración.

3. SUXEITOS PASIVOS

Serán suxeitos pasivos en calidade de contribuíntes as persoas ou entidades que sexan titulares das instalacións ou actividades que emitan as substancias contaminantes gravadas

4. BASE IMPOÑIBLE

Constitúe a base imponible a suma das cantidades emitidas de cada unha das substancias contaminantes por un mesmo foco emisor.

Para estes efectos:

- A) As cantidades emitidas de dióxido de xofre e de dióxido de nitróxeno expresaranse en toneladas.
- B) As cantidades emitidas de compostos osixenados de xofre expresaranse en toneladas equivalentes de dióxido de xofre.
- C) As cantidades emitidas de compostos nitroxenados expresaranse en toneladas equivalentes de dióxido de nitróxeno.

A cuantificación da base imponible referirase ao ano natural.

Formas de determinación da base imponible:

- **por estimación directa**, deducida da declaración do suxeito pasivo e verificada pola Administración, nos casos nos que as instalacións incorporen sistemas de medida da cantidade de substancias contaminantes emitidas.
- **por estimación obxectiva**, deducindo a cantidade de contaminantes emitida de indicadores obxectivos vinculados á actividade ou ó proceso de produción de que se trate.
O método de estimación obxectiva ten como finalidade a determinación da base imponible mensual do imposto, medida en tm.
Deberán calcular a base imponible mediante estimación obxectiva os suxeitos pasivos que reúnan os requisitos seguintes:
 - a) que non contén cos aparellos de medición da cantidade de substancias contaminantes emitidas.
 - b) Que, polo menos o 80% dos combustibles utilizados na/s súa/s instalación/s, sexan fluídos.

A cantidade estimada de SOx emitida mensualmente realizarase aplicando a seguinte fórmula:

$$X = 2 * C * (x - y * z)$$

Onde:

X= cantidade de SOx emitida mensualmente expresada en Tm equivalentes de dióxido de xofre (Tm/mes).

C= cantidade de combustible consumido mensualmente en Tm (Tm/mes).

x= tanto por un en peso de xofre no combustible.

y= tanto por un en peso de cinzas no combustible.

z= tanto por un en peso de xofre nas cinzas (g/kg).

A cantidade estimada de NOx emitida mensualmente realizarase aplicando a seguinte fórmula:

$$Y = FENox * C * PCS * 10^{-6}$$

Onde:

Y= cantidade de NOx emitida mensualmente expresada en Tm equivalentes de dióxido de nitróxeno (Tm/mes).

C= cantidade de combustible consumido mensualmente expresado en Tm (Tm/mes).

PCS= poder calorífico superior do combustible (Mj/kg).

FENox= factor de emisión de compostos oxidados de nitróxeno expresados en g/Gj equivalentes de dióxido de nitróxeno, que será, en cada caso, o que resulte da táboa seguinte:

Combustible e tipo de combustión	Potencia térmica nominal (Mw th)			
	menor 50	50-100	100-300	maior 300
Fueloil número 2				
Ignición parede ou fondo	180	190	210	260
Ignición tanxencial	140	150	170	210
Fueloil número 1	100	100	100	na (*)
Gasóleo ou fueloil BIA	80	100	100	na (*)
Gas natural	100	125	150	170

(*) Non aplicación.

5. COTA TRIBUTARIA

A cuota tributaria virá determinada pola aplicación da seguinte tarifa impositiva por tramos de base:

Tarifa por tramos base

Tramos de base	Euros./t
De 0 a 100'00 Tm. anuais	0
De 100'01 a 1000'00 Tm. Anuais	36
De 1.000'01 a 3.000'00 Tm. anuais	50
De 3.000'01 a 7.000'00 Tm. anuais	70
De 7.000'01 a 15.000'00 Tm. anuais	95
De 15.000'01 a 40.000,00 Tm. anuais	120
De 40.000,01 a 80.000,00 Tm. anuais	150
De 80.000'01 Tm. anuais	200

6. DEVENGO

O gravame devengarase no momento da emisión de calquera das sustancias contaminantes gravadas.

7. LIQUIDACIÓN E INGRESO

Serán válidas as declaracións asinadas polos declarantes que sexan presentadas nos modelos oficiais en papel (poderán seguir sendo empregados os impresos aprobados pola orde da Consellería de economía e Facenda, do 27 de novembro de 2001, adaptando a estrutura do tipo de gravame á vixente en cada momento) ou nos modelos xerados mediante a utilización das aplicacións informáticas postas á súa disposición na Oficina Virtual Tributaria.

Poderán empregar as aplicacións informáticas deste imposto os usuarios que se relacionan a seguir, que exercerán a opción por esta modalidade de presentación e pagamento, sempre que foran previamente autorizados pola dirección xeral competente en materia de tributos:

- Os suxeitos pasivos que dispoñan do correspondente certificado de usuario outorgado pola Fábrica Nacional de Moeda e Timbre-Real Casa da Moeda (FNMT-RCM) para a presentación e pagamento dos seus propios impostos, ou doutras autoridades certificadoras admitidas pola consellería competente en materia de facenda.
- Os membros dos colexios profesionais, as entidades privadas, así como as institucións ou organizacións representativas de sectores ou intereses sociais, laborais, empresarias ou profesionais, que subscribisen coa comunidade autónoma o correspondente convenio de colaboración, nos termos acordados neste.

Entenderase exercida a opción pola tributación telemática no momento da presentación da solicitude de autorización á que se refire o parágrafo seguinte. O exercicio desta opción vincularalle para as obrigas tributarias que deba cumprir polo imposto sobre a contaminación atmosférica a partires da notificación da autorización do centro directivo competente en materia de tributos e nos períodos impositivos sucesivos, salvo renuncia expresa. A renuncia deberá ser comunicada ao centro directivo anteriormente sinalado no mes de decembro anterior ao inicio do ano natural en que deba surtir efecto e vincularalle para períodos sucesivos.

Os usuarios, para poderen empregar as aplicacións informáticas deste imposto, deberán presentar ante a dirección xeral competente en materia de tributos, unha solicitude de autorización xunto a unha ficha de usuario.

• DECLARACIÓN DE ALTA

Os suxeitos pasivos, por cada un dos focos emisores das sustancias contaminantes gravadas están obrigados a presentar ante o Departamento Territorial de Facenda que corresponda territorialmente ao lugar en que estea situado o foco emisor unha declaración de alta no Rexistro de Focos Emisores de Substancias Contaminantes, no modelo 004, en que consignarán os datos correspondentes ao último ano natural.

No suposto de establecemento e posta en marcha dun novo foco emisor, os datos referidos ao ano natural que se consigne na declaración de alta, consistirán en previsións ou estimacións anuais. O prazo para formular e presentar a declaración de alta será dun mes contado dende o día da súa posta en funcionamento.

Cando as declaracións anuais declaradas superen as 80 tm, o foco emisor inscribírase no rexistro. Persistirá a obriga de efectuar nova declaración de alta na forma e prazos sinalados para aquel foco emisor non inscrito, cando a súa contaminación efectiva anual supere o referido límite. A dita declaración presentarase dentro do mes de xaneiro seguinte.

Os suxeitos pasivos, por aqueles focos que non foran inscritos no Rexistro, terán a obriga de presentar ante o departamento territorial de facenda que corresponda territorialmente ao lugar en que estea situado o foco emisor, unha declaración mediante o modelo 004, na forma e prazos sinalados nesta orde, no suposto de que a contaminación efectiva durante o ano superase o límite das 80tm.

Presentación en papel

O suxeito pasivo, por cada foco emisor das substancias contaminantes gravadas polo imposto sobre a contaminación atmosférica, deberá comunicar á administración tributaria os datos relacionados coa súa actividade que figuran no modelo 004, en concreto:

No bloque 1 do modelo deberá consignar o carácter da declaración, que será “alta” e a data de efectos, que será a data do inicio da actividade.

O bloque 2 do modelo será cuberto pola administración.

O suxeito pasivo deberá consignar tódolos seus datos de identificación, só no caso de que non tivera adherida a súa correspondente etiqueta identificativa.

No bloque 3, deberá consignar tódolos datos referentes ao foco emisor, agás o código de foco emisor que deixará en branco e será cuberto pola administración. Os datos que teñen carácter anual serán os correspondentes ao ano inmediato anterior, agás que se trate dunha declaración de alta dun novo foco emisor, caso no que deberanse consignar as previsións anuais.

No bloque 4, deberá consignar as cantidades consumidas de combustibles empregados no proceso produtivo correspondentes ao ano inmediato anterior, medidas en toneladas métricas (t), agás que se trate dunha declaración de alta dun novo foco emisor, caso no que deberá consignar as cantidades anuais previstas.

Nos supostos en que os combustibles consumidos no ano sexan varios, consignaranse, de ser o caso, os catro máis importantes cuantitativamente de cada unha das categorías que figuran no modelo (fluídos e non fluídos).

Nos totais correspondentes aos combustibles consignarase a cantidade total dos combustibles consumidos no ano, incluídos aqueles que non figuraran relacionados no modelo, cando foran máis de catro. Calcularase a relación existente entre o total de combustibles fluídos e non fluídos sobre o total de combustibles consumidos no ano, computando o resultado en tanto por cento, redondeando por exceso ou por defecto ao número enteiro máis próximo, de xeito que a suma das dúas porcentaxes sexa 100.

Para cada un dos combustibles relacionados no modelo consignarase a súa potencia térmica nominal medida en megawatios térmicos (MWth), os coeficientes X (peso de xofre no combustible en tanto por un), Y (peso de cinzas no combustible en tanto por un) e Z (peso de xofre nas cinzas en tanto por un), e o poder calorífico superior do combustible (PCS) medido en megajulios por kilogramo (MJ/Kg).

No bloque 5, consignaranse as cantidades anuais de materias primas consumidas no proceso produtivo medidas en toneladas métricas (t), correspondentes ao ano inmediato anterior, agás que se trate dunha declaración de alta dun novo foco emisor, caso no que deberá consignar as cantidades anuais previstas.

Nos supostos en que as materias primas consumidas no ano sexan varias, consignaranse, de ser o caso, as catro máis importantes cuantitativamente.

No bloque 6, consignaranse as cantidades anuais de produtos en proceso do proceso produtivo correspondentes ao ano inmediato anterior, agás que se trate dunha declaración de alta dun novo foco emisor, caso no que deberá consignar as cantidades anuais previstas.

Nos supostos en que os produtos en proceso no ano sexan varios, consignaranse, de ser o caso, os catro máis importantes cuantitativamente.

Presentada a declaración datada e asinada polo suxeito pasivo, a administración asignaralle un número de código de foco emisor, composto por cinco caracteres numéricos, que lle será notificado ao suxeito pasivo, ben no mesmo momento mediante a devolución do exemplar para o interesado debidamente selado e co número de código sobreimpreso, ou ben nun momento posterior á devolución do exemplar para o interesado. O código de foco emisor deberá ser empregado polo suxeito pasivo en tódalas actuacións que teña coa administración tributaria na

aplicación deste imposto. Cando o dato de emisións anuais superara o límite regulamentario, a asignación do código de foco emisor suporá a inscrición no Rexistro de Focos Emisores de Substancias Contaminantes.

Presentación telemática

O suxeito pasivo, por cada un dos focos emisores das substancias contaminantes gravadas polo imposto sobre a contaminación atmosférica polo que exercera a opción da tributación telemática, deberá comunicar á administración tributaria os datos relacionados coa súa actividade que figuran no modelo 004.

Para realizar esta declaración empregará a aplicación informática que a Administración tributaria da Comunidade Autónoma de Galicia poña á súa disposición na Oficina Virtual Tributaria.

O carácter da declaración será “alta” e a data de efectos será a data do inicio da actividade.

No apartado suxeito pasivo cargaranse os datos do certificado dixital, podendo modificar o enderezo do certificado dixital por unha dirección a efectos de notificacións, sempre que a tivera previamente dada de alta na Oficina Virtual Tributaria.

No bloque “Datos foco emisor”, deberá consignar tódolos datos requiridos referentes ao foco emisor. Os datos que teñen carácter anual serán os correspondentes ao ano inmediato anterior, agás que se trate dunha declaración de alta dun novo foco emisor, caso no que deberanse consignar as previsións anuais.

No bloque “Consumos anuais de combustibles”, deberá consignar as cantidades consumidas de combustibles empregados no proceso produtivo medidas en toneladas métricas (t), correspondentes ao ano inmediato anterior, agás que se trate dunha declaración de alta dun novo foco emisor, caso no que deberá consignar as cantidades anuais previstas.

Nos supostos en que os combustibles consumidos no ano sexan varios, consignaranse, de ser o caso, os catro máis importantes cuantitativamente de cada unha das categorías que figuran no modelo (fluídos e non fluídos).

Para cada un dos combustibles relacionados no modelo consignarase a súa potencia térmica nominal medida en megawatios térmicos (MWth), os coeficientes X (peso de xofre no combustible en tanto por un), Y (peso de cinzas no combustible en tanto por un) e Z (peso de xofre nas cinzas en tanto por un), e o poder calorífico superior do combustible (PCS) medido en megajulios por kilogramo (MJ/Kg).

A aplicación informática totalizará os consumos dos combustibles segundo os datos declarados. No entanto, no caso de que só se consignasen catro deles e se empregasen máis de catro, deberase modificar o dato dos consumos totais de combustibles para consignar o total das toneladas métricas (t), de todos eles.

A aplicación calcularalle a porcentaxe que supoñen os consumos de combustibles fluídos e non fluídos sobre a totalidade dos combustibles consumidos.

Nos bloques “Consumos anuais de materias primas” e “Produtos en proceso”, consignaranse os datos correspondentes ao ano inmediato anterior, agás que se trate dunha declaración de alta dun novo foco emisor, caso no que deberanse consignar as cantidades anuais previstas.

No caso de que no proceso produtivo se consumiran máis de catro materias primas ou máis de catro produtos en proceso, consignaranse os catro máis importantes cuantitativamente.

Unha vez consignados tódolos datos requiridos, o suxeito pasivo deberá proceder á presentación telemática, de xeito que transmitirá os datos da declaración coa sinatura electrónica, xerada ao seleccionar o certificado previamente instalado para estes efectos no navegador. Se o presentador é unha persoa ou entidade autorizada para presentar declaracións en representación de terceiras persoas, requirirase unha única sinatura, a correspondente ao seu certificado.

Se a declaración é aceptada, a aplicación devolveralle ao usuario en pantalla:

- un código de identificación formado por cinco caracteres numéricos, que deberá ser empregado polo suxeito pasivo en todas as actuacións que teña coa Administración tributaria na aplicación deste imposto. Cando o dato de emisións anuais superara as 80 tm, a asignación do código de foco emisor suporá a inscrición no Rexistro de Focos Emisores de Substancias Contaminantes.
- o modelo 004 debidamente cuberto cos datos declarados e co código de identificación a que se refire o punto anterior, e validado cun código seguro de verificación formado por dezaseis caracteres, con indicación da data de presentación. Este modelo serviralle de xustificante da presentación da declaración de alta na data sinalada no propio modelo.

No suposto de que a presentación sexa rexeitada, mostrarase en pantalla a descrición dos erros detectados.

Neste caso, o usuario deberá proceder a corrixilos mediante a aplicación informática ou repetindo a presentación se o erro fora orixinado por outro motivo.

O usuario deberá imprimir e conservar a declaración aceptada e validada co correspondente código seguro de verificación.

● DECLARACIÓN DE MODIFICACIÓN

Os suxeitos pasivos deberán presentar no mes de xaneiro de cada ano natural, ante o Departamento Territorial de Facenda que corresponda territorialmente ao lugar en que estea situado o foco emisor, mediante o modelo 004, unha declaración de modificación dos datos dos focos emisores inscritos no Rexistro de Focos Emisores de Substancias Contaminantes que teñan carácter anual, cando sufrisen variación respecto dos datos inscritos nel.

Considérase que teñen carácter anual os datos declarados relativos a consumos de combustibles, materias primas e produtos en proceso, enerxía consumida, número de días de operación e emisión de substancias contaminantes.

Cando sufran variacións o resto de datos consignados no modelo non relacionados no punto anterior, o suxeito pasivo procederá a cumprir a obriga de efectuar a declaración de modificación consonte co punto anterior, mais no prazo dun mes a contar dende o día en que se produza a circunstancia modificativa.

Os obrigados a presentar autoliquidación mensual e declaración resumo anual non virán obrigados a presentar declaración de modificación no mes de xaneiro se os únicos datos que se modificaron ao longo do ano inmediato anterior foron os datos que teñen carácter anual, de acordo co parágrafo anterior.

Tampouco virán obrigados a presentar declaración os suxeitos pasivos, polos focos emisores que non fosen inscritos no rexistro, para os que durante o ano inmediato anterior, aínda que variasen os datos de emisión de substancias contaminantes, a devandita emisión non superase as 80 Tm.

Os suxeitos pasivos deberán presentar declaración de modificación dos datos dos focos emisores inscritos no Rexistro de Focos Emisores de Substancias Contaminantes, mediante o modelo 004, ante o departamento territorial de facenda que corresponda territorialmente ao lugar en que estea situado o foco emisor, na forma e prazos sinalados anteriormente, sempre que se produza a modificación do suxeito pasivo por calquera operación ou título xurídico.

Os suxeitos pasivos deberán presentar declaración de modificación dos datos dos focos emisores inscritos no Rexistro de Focos Emisores de Substancias Contaminantes, mediante o modelo 004, ante o departamento territorial de facenda que corresponda territorialmente ao lugar en que estea situado o foco emisor, na forma e prazos sinalados anteriormente, sempre que se produza o cesamento da actividade.

Os suxeitos pasivos, por aqueles focos que non foran inscritos no Rexistro, terán a obriga de presentar ante o departamento territorial de facenda que corresponda territorialmente ao lugar en que estea situado o foco emisor, unha declaración mediante o modelo 004, na forma e prazos sinalados nesta orde, no suposto de que a contaminación efectiva durante o ano superase o límite das 80tm.

Presentación en papel

Con carácter xeral, o suxeito pasivo que teña a obriga de presentar declaración de modificación no Rexistro de Focos Emisores de Substancias Contaminantes, deberá presentala mediante o modelo 004, por cada foco emisor das substancias contaminantes gravadas polo imposto sobre a contaminación atmosférica, segundo en que consista a modificación:

- Modificación dos datos de carácter anual

O carácter da declaración será "modificación" e a data de efectos a consignar será a do último día do ano natural ao que se refiran os datos declarados.

Os únicos datos que deberá consignar no modelo serán os identificativos do suxeito pasivo, salvo que empregara a súa correspondente etiqueta identificativa, o código de foco emisor e mailos datos que sufriran variación, deixando tódolos demais en branco.

Presentada a declaración datada e asinada polo suxeito pasivo, a administración tributaria devolveralle o exemplar para o interesado debidamente selado e os datos comunicados incorporaranse ao Rexistro.

- Modificación de resto de datos consignados

O carácter da declaración será “modificación” e a data de efectos a consignar será a do día en que se producira a modificación dos datos declarados.

O procedemento a seguir será o sinalado no parágrafo anterior.

- Modificación do Suxeito Pasivo

- Quen fora o suxeito pasivo con anterioridade á modificación deberá, con carácter xeral, comunicar á administración tributaria, mediante o modelo 004, unha baixa por modificación do suxeito pasivo, identificando ao novo suxeito pasivo e este último, deberá, con carácter xeral, presentar unha declaración de alta por modificación do suxeito pasivo, consonte co procedemento sinalado nos parágrafos seguintes.

- Quen fora suxeito pasivo con anterioridade á modificación, deberá comunicar a baixa por cambio de suxeito pasivo no prazo máximo dun mes dende a data na que se realizara aquela, xuntando a correspondente xustificación documental. O carácter da declaración será “baixa por cambio de suxeito pasivo” e a data de efectos será a da operación ou título xurídico causante.

Os únicos datos que deberá consignar no modelo serán os identificativos do suxeito pasivo, salvo que empregara a súa correspondente etiqueta identificativa, o código de foco emisor e o NIF do novo suxeito pasivo, deixando tódolos demais en branco.

Presentada a declaración datada e asinada polo suxeito pasivo, a administración tributaria devolveralle o exemplar para o interesado debidamente selado o que determinará a baixa provisional do suxeito pasivo inicial respecto ao foco emisor rexistrado.

Verificada pola administración a documentación aportada, procederase á baixa definitiva do suxeito pasivo inicial respecto ao foco emisor rexistrado.

O novo suxeito pasivo deberá comunicar á administración tributaria a alta por cambio de suxeito pasivo no mesmo prazo sinalado no punto anterior, xuntando a correspondente xustificación documental. O carácter da declaración será “alta por cambio de suxeito pasivo”, a data de efectos será a do día seguinte ao día da operación ou título xurídico causante e deberase consignar o NIF do suxeito pasivo anterior.

O suxeito pasivo deberá cubrir tódolos datos que figuran no modelo 004.

Presentada a declaración datada e asinada polo suxeito pasivo, a administración tributaria devolveralle o exemplar para o interesado debidamente selado o que determinará a alta provisional do suxeito pasivo respecto ao foco emisor rexistrado.

Verificada pola administración a documentación aportada, procederase á alta definitiva do suxeito pasivo respecto ao foco emisor rexistrado.

Cando o novo suxeito pasivo estivera autorizado para a presentación e pagamento telemáticos do imposto e queira empregar a Oficina Virtual Tributaria para este novo foco emisor, deberá facelo constar así á administración tributaria xuntando os datos do foco emisor consonte co sinalado anteriormente.

Sen prexuízo das consecuencias que se derivaran do incumprimento das obrigas sinaladas nos puntos anteriores, a administración tributaria poderá dar de baixa a quen fora suxeito pasivo con anterioridade á operación que determinara o cambio de suxeito pasivo, de oficio ou á solicitude do novo suxeito pasivo e previa xustificación documental. Igualmente a administración tributaria poderá dar de alta de oficio ao novo suxeito pasivo.

- Cesamento da actividade.

O suxeito pasivo deberá, no prazo máximo de dez días naturais contados desde a finalización do prazo para presentar a autoliquidación correspondente ao mes natural no que se producira o cesamento da actividade, presentar o modelo 004 para comunicar o cesamento da actividade, xunto á xustificación documental correspondente. O carácter da declaración será “modificación por cesamento de actividade” e a data de efectos será a do cesamento da actividade.

Os únicos datos que deberá consignar no modelo serán os identificativos do suxeito pasivo, salvo que empregara a súa correspondente etiqueta identificativa, e o código de foco emisor, deixando tódolos demais en branco.

Presentada a declaración datada e asinada polo suxeito pasivo, a administración tributaria devolveralle o exemplar para o interesado debidamente selado o que determinará a baixa provisional do foco emisor rexistrado.

Verificada pola administración a documentación aportada, procederase á baixa definitiva do foco emisor rexistrado.

- Focos non inscritos que superen as 80 tm pero non supoñan a obriga de presentar autoliquidación mensual e declaración resumo.

O suxeito pasivo deberá presentar no mes de xaneiro seguinte o modelo 004, consonte co sinalado a seguir. O carácter da declaración será “modificación” e a data de efectos será a do último día do ano natural no que se producira a superación do límite.

O suxeito pasivo deberá cubrir tódolos datos que figuran no modelo 004. Os datos a consignar serán os correspondentes ao ano natural no que se producira a superación do límite.

Presentada a declaración datada e asinada polo suxeito pasivo, a administración tributaria devolveralle o exemplar para o interesado debidamente selado o que determinará a alta do foco emisor no Rexistro de Focos Emisores de Substancias Contaminantes.

- Focos non inscritos que superen as 80 tm e supoña a obriga de presentar autoliquidación mensual e declaración resumo.

O suxeito pasivo deberá presentar o modelo 004 no mesmo prazo de presentación da autoliquidación mensual e con carácter previo a ela. O carácter da declaración será “modificación” e a data de efectos será o último día do mes natural no que se producira a superación do límite regulamentario.

O suxeito pasivo deberá cubrir tódolos datos que figuran no modelo 004. Os datos a consignar serán os correspondentes ao ano natural inmediato anterior á data na que se superou o límite, agás polo que se refire aos datos das emisións que serán os correspondentes ás emisións acumuladas dende o principio do ano en curso ata o fin do mes no que se produciu a superación do límite.

Presentada a declaración datada e asinada polo suxeito pasivo, a administración tributaria devolveralle o exemplar para o interesado debidamente selado o que determinará a alta do foco emisor no Rexistro de Focos Emisores de Substancias Contaminantes.

Presentación telemática

O suxeito pasivo, por cada un dos focos emisores das substancias contaminantes gravadas polo imposto sobre a contaminación atmosférica polo que manteña a opción da tributación telemática, deberá presentar telematicamente, declaración de modificación no Rexistro de Focos Emisores de Substancias Contaminantes, segundo os seguintes casos:

- Modificación dos datos de carácter anual

O carácter da declaración será “modificación” e a data de efectos a consignar será a do último día do ano natural ao que se refiran os datos declarados.

No apartado suxeito pasivo cargaranse os datos do certificado dixital, podendo modificar o enderezo do certificado dixital por unha dirección a efectos de notificacións, sempre que a tivera previamente dada de alta na Oficina Virtual Tributaria.

Cando o suxeito pasivo elixa o código de foco emisor, cargaranse tódolos seus datos inscritos no Rexistro. O suxeito pasivo procederá a modificar só aqueles datos que sufriran variación.

A declaración deberá ser presentada telematicamente polo suxeito pasivo, de xeito que transmitirá os datos da declaración coa sinatura electrónica, xerada ao seleccionar o certificado previamente instalado para estes efectos no navegador. Se o presentador é unha persoa ou entidade autorizada para presentar declaracións en representación de terceiras persoas, requirirase unha única sinatura, a correspondente ao seu certificado.

Se a declaración é aceptada, a aplicación devolveralle ao usuario en pantalla o modelo 004 debidamente cuberto cos datos declarados, validado cun código seguro de verificación formado por dezaseis caracteres, con indicación da data de presentación. Este modelo servirlle de xustificante da presentación da declaración de modificación na data sinalada no propio modelo. Os datos así comunicados incorporaranse ao Rexistro.

No suposto de que a presentación sexa rexeitada, mostrarase en pantalla a descrición dos erros detectados.

Neste caso, o usuario deberá proceder a corrixilos mediante a aplicación informática ou repetindo a presentación se o erro fora orixinado por outro motivo.

O usuario deberá imprimir e conservar a declaración aceptada e validada co correspondente código seguro de verificación.

- Modificación de resto de datos consignados

O carácter da declaración será “modificación” e a data de efectos a consignar será a do día en que se producira a modificación dos datos declarados.

O procedemento a seguir será o sinalado no punto anterior.

- Modificación do Suxeito Pasivo

Quen fora o suxeito pasivo con anterioridade á modificación deberá, con carácter xeral, comunicar á administración tributaria, mediante o modelo 004, unha baixa por modificación do suxeito pasivo, identificando ao novo suxeito pasivo e este último, deberá, con carácter xeral, presentar unha declaración de alta por modificación do suxeito pasivo, consonte co procedemento sinalado nos parágrafos seguintes.

Quen fora suxeito pasivo con anterioridade á modificación, deberá comunicar a baixa por cambio de suxeito pasivo no prazo máximo dun mes dende a data na que se realizara aquela.

O suxeito pasivo elixirá o código de foco emisor para o que pretenda facer a declaración.

O carácter da declaración será “baixa por cambio de suxeito pasivo”, a data de efectos será a da operación ou título xurídico causante e deberase consignar o NIF do novo suxeito pasivo.

A declaración deberá ser presentada telematicamente polo suxeito pasivo, de xeito que transmitirá os datos da declaración coa sinatura electrónica, xerada ao seleccionar o certificado previamente instalado para estes efectos no navegador. Se o presentador é unha persoa ou entidade autorizada para presentar declaracións en representación de terceiras persoas, requirirase unha única sinatura, a correspondente ao seu certificado.

Se a declaración é aceptada, a aplicación devolveralle ao usuario en pantalla o modelo 004 debidamente cuberto cos datos declarados, validado cun código seguro de verificación formado por dezaseis caracteres, con indicación da data de presentación. Este modelo servirlle de xustificante da presentación da declaración de modificación na data sinalada no propio modelo. A aceptación da declaración determinará a baixa provisional do suxeito pasivo inicial respecto ao foco emisor rexistrado.

No suposto de que a presentación sexa rexeitada, mostrarase en pantalla a descrición dos erros detectados.

Neste caso, o usuario deberá proceder a corrixilos mediante a aplicación informática ou repetindo a presentación se o erro fora orixinado por outro motivo.

O suxeito pasivo deberá presentar a xustificación documental da operación ou título xurídico que dese lugar ao cambio de suxeito pasivo, ante a administración tributaria no prazo máximo de 5 días dende a aceptación da declaración pola aplicación informática.

Verificada pola administración a documentación aportada, procederase á baixa definitiva do suxeito pasivo inicial respecto ao foco emisor rexistrado.

O usuario deberá imprimir e conservar a declaración aceptada e validada co correspondente código seguro de verificación.

O novo suxeito pasivo deberá comunicar á administración tributaria a alta por cambio de suxeito pasivo no mesmo prazo sinalado no punto anterior, mais con posterioridade a comunicación á que se refire o punto anterior.

No caso de ser aceptada a comunicación á que se refire o punto 5 anterior e sempre que o novo suxeito pasivo exercera a opción pola tributación telemática, ao acceder á aplicación informática na oficina Virtual Tributaria, cargaranse os datos identificativos do certificado dixital.

O carácter da declaración será “alta por cambio de suxeito pasivo”, a data de efectos será a do día seguinte ao día da operación ou título xurídico causante e deberase consignar o NIF do suxeito pasivo anterior.

Deberá elixir o código de foco emisor para o que sexa novo suxeito pasivo e deberá cubrir tódolos datos que figuran no modelo 004.

A declaración deberá ser presentada telematicamente polo suxeito pasivo, de xeito que transmitirá os datos da declaración coa sinatura electrónica, xerada ao seleccionar o certificado previamente instalado para estes efectos no navegador. Se o presentador é unha persoa ou entidade autorizada para presentar declaracións en representación de terceiras persoas, requirirase unha única sinatura, a correspondente ao seu certificado.

Se a declaración é aceptada, a aplicación devolveralle ao usuario en pantalla o modelo 004 debidamente cuberto cos datos declarados, validado cun código seguro de verificación formado por dezaseis caracteres, con indicación da data de presentación. Este modelo servirlle de xustificante da presentación da declaración de modificación na data sinalada no propio modelo.

A aceptación da declaración determinará a alta provisional do novo suxeito pasivo respecto ao foco emisor rexistrado no Rexistro de Focos Emisores de Substancias Contaminantes, momento a partires do que o novo suxeito pasivo poderá realizar calquera operación co respecto a ese foco emisor ao traveso das aplicacións informáticas da Oficina Virtual Tributaria.

No suposto de que a presentación sexa rexeitada, mostrarase en pantalla a descrición dos erros detectados.

Neste caso, o usuario deberá proceder a corrixilos mediante a aplicación informática ou repetindo a presentación se o erro fora orixinado por outro motivo.

O suxeito pasivo deberá presentar a xustificación documental da operación ou título xurídico

que dese lugar ao cambio de suxeito pasivo, ante a administración tributaria no prazo máximo de 5 días dende a aceptación da declaración pola aplicación informática.

Verificada pola administración a documentación aportada, procederase á alta definitiva do novo suxeito pasivo respecto ao foco emisor rexistrado.

O usuario deberá imprimir e conservar a declaración aceptada e validada co correspondente código seguro de verificación.

Cando o novo suxeito pasivo non exercera a opción pola tributación telemática, deberá proceder do xeito sinalado no punto 6 do artigo anterior.

Sen prexuízo das consecuencias que se derivaran do incumprimento das obrigas sinaladas nos puntos anteriores, a administración tributaria poderá dar de baixa a quen fora suxeito pasivo con anterioridade á operación ou título xurídico que determinara o cambio de suxeito pasivo, de oficio ou á solicitude do novo suxeito pasivo e previa xustificación documental. Igualmente a administración tributaria poderá dar de alta de oficio ao novo suxeito pasivo.

- o Cesamento da actividade

O suxeito pasivo deberá, no prazo máximo de dez días naturais contados desde a finalización do prazo para presentar a autoliquidación correspondente ao mes natural no que se producira o cesamento da actividade, presentar o modelo 004 para comunicar o cesamento da actividade.

No apartado suxeito pasivo cargaranse os datos do certificado dixital, podendo modificar o enderezo do certificado dixital por unha dirección a efectos de notificacións, sempre que a tivera previamente dada de alta na Oficina Virtual Tributaria.

O suxeito pasivo deberá elixir o código de foco emisor. O carácter da declaración será “modificación por cesamento de actividade” e a data de efectos será a do cesamento da actividade.

A declaración deberá ser presentada telematicamente polo suxeito pasivo, de xeito que transmitirá os datos da declaración coa sinatura electrónica, xerada ao seleccionar o certificado previamente instalado para estes efectos no navegador. Se o presentador é unha persoa ou entidade autorizada para presentar declaracións en representación de terceiras persoas, requirirase unha única sinatura, a correspondente ao seu certificado.

Se a declaración é aceptada, a aplicación devolveralle ao usuario en pantalla o modelo 004 debidamente cuberto cos datos declarados, validado cun código seguro de verificación formado por dezaseis caracteres, con indicación da data de presentación. Este modelo servirlle de xustificante da presentación da declaración de modificación na data sinalada no propio modelo. A aceptación da declaración determinará a baixa provisional do foco emisor rexistrado.

No suposto de que a presentación sexa rexeitada, mostrarase en pantalla a descrición dos erros detectados.

Neste caso, o usuario deberá proceder a corrixilos mediante a aplicación informática ou repetindo a presentación se o erro fora orixinado por outro motivo.

O suxeito pasivo deberá presentar a xustificación documental do cesamento da actividade ante a administración tributaria no prazo máximo de 5 días dende a aceptación da declaración pola aplicación informática.

Verificada pola administración a documentación aportada, procederase á baixa definitiva do foco emisor rexistrado.

O usuario deberá imprimir e conservar a declaración aceptada e validada co correspondente código seguro de verificación.

Sen prexuízo das consecuencias que se derivaran do incumprimento das obrigas neste artigo sinaladas, a administración tributaria poderá, de oficio, dar de baixa os focos emisores rexistrados que tiveran cesado na súa actividade.

- o Focos non inscritos que superen as 80 tm pero non supoñan a obriga de presentar autoliquidación mensual e declaración resumo.

O suxeito pasivo deberá presentar no mes de xaneiro seguinte, o modelo 004, consonte co sinalado a seguir.

O carácter da declaración será “modificación” e a data de efectos será a do último día do ano natural no que se producira a superación do límite.

O suxeito pasivo deberá cubrir tódolos datos que figuran no modelo, consonte co sinalado no artigo 9 desta orde. Os datos a consignar serán os correspondentes ao ano natural no que se producira a superación do límite.

A declaración deberá ser presentada telematicamente polo suxeito pasivo, de xeito que transmitirá os datos da declaración coa sinatura electrónica, xerada ao seleccionar o certificado previamente instalado para estes efectos no navegador. Se o presentador é unha persoa ou entidade autorizada para presentar declaracións en representación de terceiras persoas,

requirirase unha única sinatura, a correspondente ao seu certificado.

Se a declaración é aceptada, a aplicación devolveralle ao usuario en pantalla o modelo 004 debidamente cuberto cos datos declarados, validado cun código seguro de verificación formado por dezaseis caracteres, con indicación da data de presentación. Este modelo serviralle de xustificante da presentación da declaración de modificación na data sinalada no propio modelo. A aceptación da declaración determinará a alta do foco emisor no Rexistro de Focos Emisores de Substancias Contaminantes.

No suposto de que a presentación sexa rexeitada, mostrarase en pantalla a descrición dos erros detectados.

Neste caso, o usuario deberá proceder a corrixilos mediante a aplicación informática ou repetindo a presentación se o erro fora orixinado por outro motivo.

O usuario deberá imprimir e conservar a declaración aceptada e validada co correspondente código seguro de verificación.

- o Focos non inscritos que superen as 80 tm e supoña a obriga de presentar autoliquidación mensual e declaración resumo.

O suxeito pasivo deberá presentar o modelo 004 no mesmo prazo de presentación da autoliquidación mensual e con carácter previo a ela.

O carácter da declaración será "modificación" e a data de efectos será o último día do mes natural no que se producira a superación do límite regulamentario.

O suxeito pasivo deberá cubrir tódolos datos que figuran no modelo 004. Os datos a consignar serán os correspondentes ao ano natural inmediato anterior á data na que se superou o límite, agás polo que se refire aos datos das emisións que serán os correspondentes ás emisións acumuladas dende o principio do ano en curso ata o fin do mes no que se produciu a superación do límite.

A declaración deberá ser presentada telematicamente polo suxeito pasivo, de xeito que transmitirá os datos da declaración coa sinatura electrónica, xerada ao seleccionar o certificado previamente instalado para estes efectos no navegador. Se o presentador é unha persoa ou entidade autorizada para presentar declaracións en representación de terceiras persoas, requirirase unha única sinatura, a correspondente ao seu certificado.

Se a declaración é aceptada, a aplicación devolveralle ao usuario en pantalla o modelo 004 debidamente cuberto cos datos declarados, validado cun código seguro de verificación formado por dezaseis caracteres, con indicación da data de presentación. Este modelo serviralle de xustificante da presentación da declaración de modificación na data sinalada no propio modelo. A aceptación da declaración determinará a alta do foco emisor no Rexistro de Focos Emisores de Substancias Contaminantes, momento a partir do que o suxeito pasivo poderá realizar calquera operación co respecto a ese foco emisor ao traveso das aplicacións informáticas da Oficina Virtual Tributaria.

No suposto de que a presentación sexa rexeitada, mostrarase en pantalla a descrición dos erros detectados.

Neste caso, o usuario deberá proceder a corrixilos mediante a aplicación informática ou repetindo a presentación se o erro fora orixinado por outro motivo.

O usuario deberá imprimir e conservar a declaración aceptada e validada co correspondente código seguro de verificación.

• AUTOLIQUIDACIÓN MENSUAL

Os suxeitos pasivos estarán obrigados a presentar durante cada mes natural unha autoliquidación mensual ante o departamento territorial de facenda que corresponda territorialmente ao lugar en que estea situado o foco emisor, mediante o modelo 002 (se a base imponible se determina por estimación directa) ou 005 (se a base imponible se determina por estimación obxectiva).

Non estarán obrigados a presentar as correspondentes autoliquidacións mensuais os suxeitos pasivos por aqueles focos emisores que non superaran as 80 Tm. de emisións anuais das substancias contaminantes gravadas durante o ano inmediato anterior. No entanto, se ao longo do ano se superasen as 100 Tm. emitidas, quedarán obrigados a presentar as oportunas autoliquidacións mensuais dende ese momento.

Os suxeitos pasivos titulares de novos focos emisores quedarán obrigados a presentar as

correspondentes autoliquidacións mensuais de acordo co sinalado nos parágrafos anteriores a partir da súa posta en funcionamento.

Presentación en papel

O suxeito pasivo deberá practicar cada mes natural a autoliquidación da cota tributaria resultante de aplicar o tipo de gravame vixente á base impositiva acumulada correspondente ao ano en curso ata o fin do mes inmediato anterior.

Durante o mes de xaneiro formularase a autoliquidación da cota tributaria resultante de aplicar o tipo de gravame vixente á base impositiva acumulada correspondente ao ano inmediato anterior ata o fin do mes de decembro.

Da cifra resultante da operación sinalada no apartado anterior, deberá descontar as cotas tributarias a ingresar das autoliquidacións mensuais presentadas con anterioridade correspondentes ao ano ao que se refira a autoliquidación.

O importe que resulte da operación anterior deberá ser ingresado en calquera oficina das entidades de depósito autorizadas como colaboradoras na xestión recadatoria, que lle devolverá os exemplares correspondentes á administración e ao interesado debidamente validados, ou ben marcar na propia autoliquidación que vai solicitar o aprazamento ou o fraccionamento da débeda.

Neste último caso, o suxeito pasivo deberá presentar unha solicitude expresa de aprazamento ou fraccionamento na forma, lugar e prazo e cos requisitos e consecuencias sinaladas na normativa de aplicación, e sen que poida entenderse presentada aquela coa presentación do impreso da autoliquidación.

O suxeito pasivo procederá á presentación dos exemplares para a administración e para o interesado debidamente selados, de ser o caso, pola entidade de depósito, ante a administración tributaria, que lle devolverá co selo correspondente o exemplar para o interesado, como xustificante da súa presentación e, de ser o caso, do ingreso do importe sinalado nel.

Presentación telemática

O suxeito pasivo que exercera a opción pola tributación telemática deberá, cada mes natural, ingresar e presentar telematicamente o modelo 002 ou 005, segundo proceda, no que practicará a autoliquidación da cota tributaria resultante de aplicar o tipo de gravame vixente á base impositiva acumulada correspondente ao ano en curso ata o fin do mes inmediato anterior. Durante o mes de xaneiro formularase a autoliquidación da cota tributaria resultante de aplicar o tipo de gravame vixente á base impositiva acumulada correspondente ao ano inmediato anterior ata o fin do mes de decembro.

Para isto empregará a aplicación informática que a administración tributaria da Comunidade Autónoma de Galicia poña á súa disposición na Oficina Virtual Tributaria, debendo estar previamente identificado co código de foco emisor.

O suxeito pasivo elixirá o código de foco emisor para o que pretenda facer a declaración, e o tipo de autoliquidación que vai presentar, segundo o tipo de determinación da base impositiva, entre estimación directa (modelo 002) ou obxectiva (modelo 005). Así mesmo, deberá sinalar o devengo.

Da cifra resultante da operación sinalada no parágrafo anterior, deberá descontar as cotas tributarias a ingresar das autoliquidacións mensuais presentadas con anterioridade correspondentes ao ano ao que se refira a autoliquidación. A aplicación informática calcularalle por diferenza, a cota íntegra que ten que ingresar.

O suxeito pasivo deberá realizar o pagamento da cantidade resultante da operación anterior, de calquera dos modos sinalados no número seguinte, ou ben marcar na propia autoliquidación que vai solicitar o aprazamento ou o fraccionamento da débeda. Neste último caso, deberá presentarse ante o departamento territorial correspondente unha solicitude expresa de aprazamento ou fraccionamento na forma, lugar e prazo e cos requisitos e consecuencias sinaladas na normativa de aplicación, e sen que poida entenderse presentada aquela coa presentación telemática da autoliquidación.

Os usuarios poderán ingresar a débeda de calquera das formas seguintes:

- a) Mediante ingreso presencial da cantidade correspondente en calquera das entidades colaboradoras autorizadas por esta consellería para o cobramento de autoliquidacións presentadas telematicamente. O ingreso formalizarase mediante a carta de pagamento que para estes efectos xerará a aplicación informática e que previamente deberá imprimir o usuario. Unha vez realizado o

pagamento, a entidade colaboradora facilitará un número de referencia completo (NRC) identificativo do ingreso realizado, que será requirido posteriormente pola aplicación informática para completar a presentación.

Unha vez que o contribuínte opte polo pagamento da autoliquidación de forma presencial na entidade colaboradora autorizada, a aplicación informática xerará dúas copias da carta de pagamento debidamente cubertas cos datos que o suxeito pasivo facilítase na aplicación informática. Co devandito documento acudirase á entidade colaboradora autorizada, para a realización do pagamento, a cal quedará co exemplar para a entidade colaboradora autorizada e devolverá ao contribuínte o exemplar para o interesado co selo da entidade, data do ingreso, número e importe, así como co NRC. O devandito documento servirá de xustificante de pagamento do número da autoliquidación impreso nel.

O número de referencia completo (NRC) a que se refire o número anterior é un código xerado informaticamente pola entidade de depósito mediante un sistema criptográfico que permitirá asociar a autoliquidación presentada ao pagamento dela derivado. O NRC está composto por 22 posicións co seguinte contido: posicións 01-13: alfanuméricas, corresponden ao número de xustificante asignado pola Oficina Virtual Tributaria. Posición 14: alfanumérica, corresponde a un carácter de control adicional. Posicións 15-22: caracteres de control. As normas técnicas de xeración do NRC figuran no anexo VI a esta orde.

A xeración do NRC pola entidade de depósito implicará:

- a) Que o recibo en que figura responde a un ingreso realizado na entidade de depósito que o expide.
- b) Que o devandito recibo corresponde á autoliquidación incorporada na carta de pagamento e non a outra.
- c) Que a partir do momento de xeración deste, queda a entidade de depósito obrigada fronte á Facenda da comunidade autónoma polo importe que figura na devandita carta de pagamento, quedando o contribuínte liberado da súa obriga de pagamento fronte á citada Facenda.

Unha vez xerado o correspondente NRC, salvo que fora anulado consonte a normativa tributaria en materia de recadación, non se admitirá a retrocesión do pagamento por parte da entidade de depósito, debendo presentar o suxeito pasivo, de ser o caso, ante a Administración tributaria, as correspondentes solicitudes de devolución de ingresos indebidos adecuadamente fundamentadas. Pola súa parte, a entidade de depósito deberá realizar o pagamento na conta restrinxida de recadación con carácter previo á xeración do citado NRC.

- b) Mediante pagamento telemático. O usuario accederá ás aplicacións específicas a través da páxina web da consellería competente en materia de facenda e efectuará o pagamento da correspondente autoliquidación, a través das entidades colaboradoras autorizadas por esta consellería para o pagamento telemático. A entidade efectuará as comprobacións oportunas e aceptará ou rexeitará o cargo. No caso de ser aceptado o cargo, efectuará o aboamento na correspondente conta restrinxida de recadación de tributos e xerará o correspondente NRC, así como o recibo a que se refire o número 2 do artigo 17. Se se opta polo pagamento telemático, a aplicación informática, unha vez realizado o pagamento, xerará o recibo de cargo en conta que o contribuínte deberá imprimir e conservar, no cal se identificará o número da conta que realiza o pagamento, data do ingreso, importe, NIF e nome do contribuínte así como o NRC. O devandito documento servirá de xustificante de pagamento da autoliquidación asociada ao NRC impreso nel.

Unha vez realizado o pagamento da débeda ou marcada na autoliquidación a solicitude de aprazamento ou fraccionamento, para concluír co proceso o usuario deberá proceder á presentación da autoliquidación telematicamente, de xeito que transmitirá os datos da autoliquidación coa sinatura electrónica, xerada ao seleccionar o certificado previamente instalado para estes efectos no navegador. Se o presentador é unha persoa ou entidade autorizada para presentar declaracións en representación de terceiras persoas, requirírase unha única sinatura, a correspondente ao seu certificado.

Se a presentación telemática é aceptada, a aplicación devolveralle ao usuario en pantalla o modelo 002 ou 005, segundo proceda, debidamente cuberto, co seu número de identificación, cos datos declarados, coa autoliquidación da débeda tributaria, cos datos correspondentes ao ingreso realizado, de ser o caso, e validado cun código seguro de verificación formado por dezaseis caracteres, con indicación da data de presentación. Este modelo servirlle de xustificante da presentación do número da autoliquidación impreso nel na data sinalada no propio modelo e do seu pagamento, de ser o caso.

No suposto de que a presentación sexa rexeitada, mostrarase en pantalla a descrición dos erros detectados.

Neste caso, o usuario deberá proceder a corrixilos mediante a aplicación informática ou repetindo a presentación se o erro fose orixinado por outro motivo.

O usuario deberá imprimir a autoliquidación aceptada e validada co correspondente código seguro de verificación.

A presentación da autoliquidación do imposto e a súa data acreditarase mediante a impresión do documento (modelo 002, 005 ou 003) xerado pola aplicación informática no que constarán os datos identificativos do suxeito pasivo, da liquidación e, de ser o caso, do ingreso. Ademais xerarase un código interno que permitirá asociar de forma inequívoca a autoliquidación presentada telematicamente coa impresa polo contribuínte.

Os xustificantes de pagamento e presentación sinalados nos parágrafos anteriores xurdirán os efectos liberatorios para coa Facenda da Comunidade Autónoma de Galicia sinalados no Regulamento xeral de recadación. Os suxeitos pasivos deberán conservar os xustificantes de pagamento e presentación. No caso de que a autoliquidación non dea lugar a ingreso, bastará a xustificación da presentación na forma sinalada anteriormente. No caso de solicitar aprazamento ou fraccionamento será necesario, ademais, o xustificante da presentación da solicitude de aprazamento ou fraccionamento.

• DECLARACIÓN RESUMO ANUAL

Os suxeitos pasivos estarán obrigados a presentar no mes de marzo unha declaración resumo anual, mediante o modelo 003, ante o departamento territorial de facenda que corresponda territorialmente ao lugar en que estea situado o foco emisor, na forma sinalada nesta orde.

Non estarán obrigados a presentar a correspondente declaración resumo anual os suxeitos pasivos por aqueles focos emisores que non superaran as 80 Tm. de emisións anuais das substancias contaminantes gravadas durante o ano inmediato anterior. No entanto, se ao longo do ano se superasen as 100 Tm. emitidas, quedarán obrigados a presentar a oportuna declaración resumo anual de acordo co sinalado no parágrafo anterior.

Os suxeitos pasivos titulares de novos focos emisores quedarán obrigados a presentar a correspondente declaración resumo anual de acordo co sinalado nos parágrafos anteriores.

Presentación en papel

O suxeito pasivo deberá practicar no modelo 003 a autoliquidación da cota tributaria resultante de aplicar o tipo de gravame vixente á base imponible acumulada correspondente ao ano inmediato anterior.

Da cifra resultante da operación sinalada no apartado anterior, deberá descontar as cotas tributarias a ingresar das autoliquidacións mensuais do ano ao que se refire o modelo 003, que foran presentadas con anterioridade.

No caso de que a cota a ingresar sexa positiva e, sen prexuízo do sinalado no apartado seguinte, o importe deberá ser ingresado en calquera oficina das entidades de depósito autorizadas como colaboradoras na xestión recadatoria, que lle devolverá os exemplares correspondentes á administración e ao interesado debidamente validados. O suxeito pasivo procederá á presentación destes ante a administración tributaria, que lle devolverá co selo correspondente o exemplar para o interesado, como xustificante da súa presentación e, de ser o caso, do ingreso do importe sinalado nel.

No caso de que a cota a ingresar sexa positiva e se marcara no modelo 003 a casiña de aprazamento ou fraccionamento da débeda, o suxeito pasivo procederá á presentación dos exemplares correspondentes á administración e ao interesado ante a administración tributaria, que lle devolverá co selo correspondente o exemplar para o interesado, como xustificante da súa presentación. Ademais, o suxeito pasivo deberá presentar unha solicitude expresa de aprazamento ou fraccionamento na forma, lugar e prazo e cos requisitos e consecuencias sinaladas na normativa de aplicación, e sen que poida entenderse presentada aquela coa

presentación do propio modelo 003.

No caso de que a cota a ingresar sexa cero, o suxeito pasivo procederá á presentación dos exemplares correspondentes á administración e ao interesado ante a administración tributaria, que lle devolverá co selo correspondente o exemplar para o interesado, como xustificante da súa presentación.

No caso de que a cota a ingresar sexa negativa, o suxeito pasivo procederá á presentación dos exemplares correspondentes á administración e ao interesado ante a administración tributaria, que lle devolverá co selo correspondente o exemplar para o interesado, como xustificante da súa presentación. Ademais, o suxeito pasivo deberá presentar unha solicitude expresa de rectificación da autoliquidación ou autoliquidacións que prexudicaran de calquera modo os seus intereses lexítimos, identificándoas fehacientemente e sen que poida entenderse presentada aquela coa presentación do propio modelo 003.

Estas obrigas deberán realizarse no prazo sinalado no apartado 1 anterior

Presentación telemática

O suxeito pasivo que exercera a opción pola tributación telemática deberá practicar no modelo 003 a autoliquidación da cota tributaria resultante de aplicar o tipo de gravame vixente á base imponible acumulada correspondente ao ano inmediato anterior.

Para isto empregará a aplicación informática que a administración tributaria da Comunidade Autónoma e Galicia poña á súa disposición na Oficina Virtual Tributaria, debendo estar previamente identificado co código de foco emisor.

O suxeito pasivo elixirá o código de foco emisor para o que pretenda facer a declaración e o tipo de autoliquidación que vai presentar, segundo o tipo de determinación da base imponible, entre estimación directa ou obxectiva. Así mesmo, deberá sinalar o período impositivo ao que se refire a declaración resumo.

Da cifra resultante da operación sinalada no parágrafo anterior, deberá descontar as cotas tributarias a ingresar das autoliquidacións mensuais do ano ao que se refire o modelo 003, que foran presentadas con anterioridade.

No caso de que a cota a ingresar sexa positiva, o importe deberá ser ingresado ou ben marcar na propia autoliquidación que vai solicitar o aprazamento ou o fraccionamento da débeda, consonte co establecido no punto anterior.

Unha vez realizado o pagamento da débeda ou marcada na autoliquidación a solicitude de aprazamento ou fraccionamento, ou no caso de que a cota a ingresar fora cero, para concluír co proceso o usuario deberá proceder á presentación da autoliquidación telematicamente, de xeito que transmitirá os datos da autoliquidación coa sinatura electrónica, xerada ao seleccionar o certificado previamente instalado para estes efectos no navegador. Se o presentador é unha persoa ou entidade autorizada para presentar declaracións en representación de terceiras persoas, requirirase unha única sinatura, a correspondente ao seu certificado.

Se a presentación telemática é aceptada, a aplicación devolveralle ao usuario en pantalla o modelo 003 debidamente cuberto, co seu número de identificación, cos datos declarados, coa autoliquidación da débeda tributaria, cos datos correspondentes ao ingreso realizado, de ser o caso, e validado cun código seguro de verificación formado por dezaseis caracteres, con indicación da data de presentación. Este modelo serviralle de xustificante da presentación do número da autoliquidación impreso nel na data sinalada no propio modelo e do seu pagamento, de ser o caso.

No suposto de que a presentación sexa rexeitada, mostrarase en pantalla a descrición dos erros detectados.

Neste caso, o usuario deberá proceder a corrixilos mediante a aplicación informática ou repetindo a presentación se o erro fose orixinado por outro motivo.

O usuario deberá imprimir a autoliquidación aceptada e validada co correspondente código seguro de verificación.